

CERTAME ARTÍSTICO-LITERARIO




Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

CONCELLO DE CORISTANCO

RELACIÓN DE TRABALLOS PREMIADOS
CURSO 2017/18



Cando todo era fantasía existía un país moi, moi lonxano. Alí encontrábanse todos os personaxes dos contos, mitos e lendas. Ese país chamábase "O país da Fantasía." Alí había personaxes de contos, deuses... Un día a deusa Afrodita díxolle aos demais deuses que quería coñecer os países do mundo nunha viaxe máscica. Coñeceu Brasil, Rusia, España, Francia, Perú, Arxentina, Portugal, Australia, China, Xapón, ... Cando chegou a Estados Unidos viu que había unha guerra.



Entón Afrodita quixo parar a guerra pero ela soa non podía. Volveu ao país da Fantasía pedirlle axuda aos demais deuses. Entre todos os deuses acabaron coa guerra. E colorín colorado esta viaxe rematou.



Valeria, 2º A

A MOURA TRISTE

Había unha vez unha moura que estaba triste porque unha meiga lle quitara os poderes.

- Que aburrimiento é non ter poderes! – dicía a moura.

Á moura ocorréuselle unha idea: “Irei á casa da meiga para que mos devolva”.

Pero tiña un problema: non sabía por onde ir. Viu un sapo e preguntoulle:

- Sabes por onde se vai á casa da meiga?
- Non, pero un amigo meu sábeo. Sigue recto e encontraralo- dixo o sapo.
- Grazas- contestou.

Máis adiante, viu un camaleón e preguntoulle:

- Ti es o amigo do sapo?
- Si.
- Pódesme dicir onde queda a casa da meiga?
- Claro que si. Sigue recto ata chegar a unha casa negra que ten o teito de galleta.
- Grazas- contestoulle a moura.

Despois dun ano andando, viu unha casa idéntica á que lle dixeran o camaleón.

- Por fin cheguei!- berrou a moura.

Petou á porta e.... Abriulle a meiga!

- Ola! Poderías devolverme os meus poderes?
- Si, cunha condición. Tes que darme as galiñas de ouro- dixo a meiga.

Ela aceptou o trato, pero xa tiña algo pensado. Colleu pintura de cor ouro e pintou as galiñas. Deulle as galiñas e enganou á meiga.

- Por fin teño os meus poderes!- berrou a moura.

E saíu cara á súa casa toda contenta.

E colorín colorete, pola cheminea da meiga saíu un foguete.



Daniela, 3º

Unha orquestra despistada

Cando se creou o mundo, nun lugar de cuxo nome non quero acordarme, había unha festa cunha orquestra que estaba composta por instrumentos como óboes, timbais, tubas, trompas, trombóns, fagots, clarinetes, violíns, chelos, contrabaixos, violas, frautas ou frautíns. Tiña un problema: como non había director nen guía, cada un tocaba o que sabía e aquilo era unha desfeita!

De súpeto, apareceu Apolo, o deus da poesía e da música. Fora á festa para bailar un pouquiño, pero, sobre todo, para mirar se andaba por alí Dafne, a ninfa pola que suspiraba.

A orquestra non levaba o ritmo no sangue e Apolo, farto de escoitar eses sons tan molestos, botou un berro coma o que soltou a Hidra de Lerna cando Hércules a decapitou, tan enxordecedor foi, que se produciu un silencio sepulcral. Apolo, daquela, aproveitou para poñerse de guía e encomendoulle un rol a cada instrumento, dicindo:

- Timbais, tubas, trombóns, contrabaixos, sodes os graves e polo tanto levaredes o ritmo.
- Violas, chelos, trompas e fagots, iredes en harmonía, xa que non sodes graves nin agudos.
- Clarinetes, violíns, frautas e frautíns - sodes agudos e levaredes a melodía.

Tamén Orfeo formou un coro ou orfeón e dirixíndose a diferentes persoas do público, xa coñecidas:

- Ti serás soprano solista, pareceche ben?
- Por suposto, eu sempre quixen cantar óperaaa!
- Ti estarás cos baixos no coro, de acordo?
- Vale- respondeu un home cunha voz moi delicada.

- Pensándoo mellor, serás contralto- afirma Apolo, pensativo.
- Tamén me serve.

Que ben ía quedar todo! Entón os guías comezaron a dirixir e a xente a bailar. Pasárono estupendamente, danzaron e danzaron e con bicos nos narices viviron felices comendo perdices.



Xulia, 5º

Son unha serea moi cantadeira
que teño unha cola de peixeira.
Estiveem tres días sen poder cantar
pero o médico quisome curar.
Agora ando por todo o mar.
Coidado mariñeiro que te podo afogar.

Noelia, 2ºB





Os soños da natureza

A natureza soña...

Con paxaros alegres
e herba fresca,

Con bolboretas lixeiras
e andorviñas viaxeiras
con flores olorosas
e árboles xenerosas

Aula 3º. Ilustr. Ángel

Non creo Hugo, 6º

**Non creo nas bruxas,
nin creo nas fadas,
a min non me luxas
con historias atolondradas.**

**Que difícil facer unha poesía
pensando nunha lenda,
e algo que non coñecía
e paréceme estupenda.**

**Din que a bruxa é orelluda
e ten tremendo nariz,
disque é moi peludo
e finxe coma unha actriz.**

**Contan que había un elfiño,
que era moi xoguetón,
sempre estaba agochadiño,
debaixo do colchón.**

**O trol verde coma un pepino,
Xogaba no salón,
Quería facer o pino
e levou un coscorrón.**

NO MONTE OLIMPO
HAI NOVE MUSAS PERO
UNHA DELAS...



NO MONTE OLIMPO
HAI UN DRAGON.



A princesa e o dragon



Hai moito tempo decian que o C.E.I.P
Canosa Rus era un castelo.




Nó que había unha princesa pero
non era unha princesa calquera, era
unha princesa que non lle temia a
nada era unha princesa guerreira.

UN DIA ATOPÁRONSE.



Decian que había un
unicornio que lles axudaba
a protexer o castelo.



En un día, Veu un dragon
e o unicornio intentou dete-
nelo pero non puido.



O dragon destruíu
case todo o castelo..

A MUSAS EN VEZ DE
SENTIR ODIÓ
SENTIU PENA.



DESDE ESE DIA
NON SE SEPARARON.



Sarai, 2º A







Despois a princesa cando o
dragon estaba destruído cavalle
a espada.



Éo unicornio conseguiu curarse
e refan mou o castelo e agora
todos viven felices.

Noa, 4º

Noa E. S. L.





Uxía, 2º A



Uxía, 5º



MONTE

NEME

3^o Curso



Portada monográfico. 3^o